

TRANSPARENCIA, SERVICIOS E MODERNIZACIÓN

TRANSPARENCIA

A transparencia debe guiar a labor dun goberno local que ten que ser accesible a toda a veciñanza a través de espazos permanentes de información, participación e colaboración, e ten que servir, ademáis, como antídoto para a corrupción.

A Lei 19/2013 de transparencia, acceso a información pública e bo goberno establece un prazo para o seu cumprimento, que remata o 10 de decembro de 2015 para toda a administración local, incluídas mancomunidades, consorcios e o chamado sector público instrumental local.

Os alicerces que soportan esta Lei son a transparencia da actividade pública, o acceso da cidadanía á información pública e o bo goberno. Todos eles moi relacionados entre si.

Como transparencia na actividade pública entendemos a posta a disposición de toda aquela información sobre a propia institución e a súa organización, así como da planificación. Tamén aspectos xurídicos como regulamentos e ordenanzas, e de relevancia e repercusión económica, orzamentaria e mesmo estatística. Os contratos, convenios, subvencións, orzamentos, contas, así como as axendas dos cargos públicos, as súas remuneracións, entre outros, deben ser publicados e coñecidos.

Sendo as TIC (Tecnoloxías da Información e Comunicación) importante ferramenta para a correcta implantación tanto da transparencia como no acceso á información pública. A transparencia é un deber das institucións e un dereito da cidadanía que pode, e de feito debe, utilizar as potencialidades das TIC, pero que vai moito máis alá e abrangue non só o establecemento dunha web con sede electrónica e portal de transparencia, senón tamén e sobre todo ao comportamento cotián na labor de goberno.

A obrigada aprobación da ordenanza municipal de transparencia canalizará a regularización do acceso á información pública, garantirá os dereitos á protección de datos que marca a Lei correspondente e habilitará o réxime de impugnacións contra a denegación de acceso á información. A Fegamp, no mandato que remata coa IX Asemblea, xa puxo a disposición de todas as entidades un plan de transparencia e bo goberno que inclúe un modelo de Ordenanza tipo de transparencia, acceso á información e reutilización de datos.

O bo goberno terá que regular os principios éticos e de actuación das persoas con responsabilidade nas entidades.

Os recursos públicos, económicos e de todo tipo dunha entidade, débense utilizar cunha eficiencia máxima e ser controlados estrita e coidadosamente.

Neste apartado de transparencia non podemos obviar a participación veciñal na labor de goberno. Resulta altamente recomendable o deseño

duns orzamentos participativos coa colaboración de todas e todos, así como incorporar a participación por un elemento transversal a toda a acción política das institucións.

A cada concello compételle definir o réxime de transparencia polo que opta, a partir duns mínimos comúns para todo o sector público, e nisto tamén ten que establecer os mecanismos propios para facer que se cumpra, sen ter que someterse a tutelas ou intervencións alleas.

Calquera persoa ou colectivo representativo, segundo as súas inquiredanzas, ten que poder acceder ao coñecemento aberto das esferas de xestión pública.

SERVIZOS

No mandato que agora remata aprobouse a Lei 27/2013 de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, amplamente rexeitada por todo o municipalismo local galego en Asemblea xeral extraordinaria, polo que supón de ataque frontal á autonomía municipal. Reduce as actuais competencias, cun retallamento de moitas das funcións e servizos exercidos polos concellos, favorecendo a súa privatización. Esa pretensión de reducir o campo competencial, incluso en ámbitos nos que a proximidade é determinante (servizos sociais de atención primaria, de apoio a colectivos específicos ou centros de día, de promoción económica, de elaboración do Padrón, entre outras), e dun xeito homoxéneo, sen ter en conta a dispersión nin diferenciar entre urbano e rural, traerá resultados

negativos, desprotexendo moitas persoas ao reducir a intervención do sector público local.

Alén diso, o máis disparatado é pretender, nunha norma básica, efectuar a regulación definitiva dos ámbitos competenciais, á marxe das competencias das Comunidades Autónomas na materia.

En exercicio da súa competencia exclusiva a Comunidade Autónoma aprobou a posterior Lei 5/2014, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da anterior Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, coa finalidade basicamente de regular o sistema de delegación de competencias, regular os requisitos para a atribución das mesmas na lexislación sectorial para que se sometan á normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e articular transitoriamente o exercicio das anteriores a entrada en vigor desta Lei. Con todo, asume un aspecto fundamental da reforma local, que é que toda competencia que non sexa propia, exerceuse sempre que se cumpra o principio de estabilidade orzamentario, o estrito cumprimento dos obxectivos de déficit e a supeditación aos informes de administracións autonómica e local, que son vinculantes, isto é, aceptar a intervención e decisión doutras administración á hora de exercer ditas competencias, e con iso servizos e funcións que poidan considerarse de interese local, o que en realidade se converte nun control político aos concellos dende os Gobernos galego e central.

As chamadas competencias impropias, que xa non corresponden á administración local pero que os concellos deben desenvolver para seguir prestando servizos imprescindibles para toda a poboación, deberán contar coa contraprestación económica axeitada.

Xa non corresponden a Administración Local os gastos derivados do mantemento dos centros de saúde de titularidade municipal, e a Lei que fixa que teñen que ser asumidos pola Xunta é incumprida por esta. Os gastos derivados dos centros de ensino, os de emerxencias e outros máis teñen problemas semellantes.

As políticas de benestar e de carácter social públicas e de calidade son un pilar moi importante da actuación dunha Entidade Local, polo que é fundamental facer un esforzo nas partidas orzamentarias dun concello destinadas ao gasto social e, particularmente, aos servizos sociais.

Tamén é imprescindible que un Concello se implique na definición dun novo modelo de desenvolvemento económico local sustentable que recupere o dinamismo da actividade económica e o emprego. Hai tamén que defender os sectores produtivos galegos, da nosa riqueza natural e produtiva e do noso territorio.

A defensa e mellora dos servizos públicos é garantía de acceso universal a toda á sociedade. Os concellos, como administración máis próxima á cidadanía, ten que contar coas ferramentas suficientes para atender as necesidades da xente e o ben común. Independentemente do tipo de

xestión, pública ou privada, un servizo público debe primar sempre os intereses sociais diante dos meramente económicos.

Outro debate é a xestión conxunta dun servizo entre varios concellos, xa sexa nunha mancomunidade, nun consorcio ou en calquera outra figura que o permita. En principio, e por escala de mercado, parece conveniente, así como tamén a posibilidade que se abre a prestar un servizo que individualmente sería imposible.

MODERNIZACIÓN

A única nova competencia que establece a Lei 27/2013 para os concellos é a especificada no seu artigo 25.ñ, que determina como competencia municipal a promoción da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das Tecnoloxías da Información e Comunicacions (TIC).

Como é habitual esta competencia non ven acompañada da asignación orzamentaria correspondente. As TIC facilitan unha administración transparente, organizada e áxil na súa resposta. A estas alturas nin se pode nin se debe obrigar á presenza física para a realización de xestións e as propias leis dotan de dereitos á veciñanza neste senso. Vólvese ademais a salientar a grande importancia da ferramenta na transparencia antes comentada.

Un dos perigos nos que habitualmente cae a administración é obrigar a que un trámite só se poida facer de xeito telemático, obviando que hai

moitos sectores da poboación que nin teñen coñecementos tecnolóxicos nin medios para facelo, co consecuente custo económico dun trámite administrativo gratuito, aumentando a fenda dixital e a desigualdade no acceso á administración. Cómpre pois poñer a disposición por unha banda posibilidades formativas ás que acollerse e por outra servizos de asistencia onde poder facer eses trámites. Non se pode negar que si a información chega electronicamente, será moito mais doada, barata, eficaz e eficiente, permitíndolle aos concellos aforrar recursos humanos e materiais.

Ao tempo a comunicación electrónica interadministrativa, a interoperabilidade ou comunicación ordinaria co resto de administracións é a día de hoxe imprescindible, non só polos avances que significa e aforro de tempo e eficacia, senón tamén porque é obrigatoria.

Non se nos escapa que a día de hoxe moitos concellos non reúnen as capacidades técnicas nin económicas para afrontar todos estes retos. É por elo que a Fegamp, xa desde a súa fundación, puxo especial interese en facer todo o posible para a eliminación destas diferenzas tecnolóxicas entre concellos. Entendemos como indispensable a colaboración da Xunta de Galicia, non só como coordinadora de procedementos senón tamén como base de apoio para aquelas entidades que non dispoñan dos medios nin dos coñecementos precisos para levalos a cabo. Así dende a Fegamp propiciouse a sinatura de moitos convenios neste eido, convenios que a día de hoxe se están a desenvolver axeitadamente e que é preciso ir renovando.

Aulas CeMIT para a formación e alfabetización dixital de persoas e empresas locais, plataformas de licitación electrónica (LeAL) e de intercomunicación administrativa e coa poboación (Eido Local), ordenanzas tipo de adaptación ás novas normativas tecnolóxicas, xornadas de posta en común de experiencias, son, entre outras moitas colaboracións, iniciativas postas en marcha en común entre Xunta, mediante a Amtega, e a Fegamp.

Por outra banda, a implantación de software libre e de código aberto na administración local conleva beneficios tales como un aforro importante de medios económicos. Como efecto complementario, ás empresas locais do sector serán beneficiadas e poderán traballar nas aplicacións para adaptalas as novas normativas e modificacións.

Non se poden deixar de lado as infraestruturas, necesarias para a implantación das tecnoloxías da información pero tamén da comunicación. Competencias impropias de rebote e sen asignación como a cobertura da TDT precisan de acordos con outras administracións para poder afrontalas.

En relación co exposto, no eido da transparencia, dos servizos e da modernización tecnolóxica, propónse á Asemblea Xeral para a súa aprobación as seguintes

RESOLUCIÓN

Transparencia

Primeira.- Recomendar ás Entidades Locais a publicación, especialmente a través da sede electrónica ou da páxina web, da información cuxo coñecemento poida resultar relevante para os veciños, tanto a nivel organizativo como económico, así como no que respecta á actividade dos cargos públicos, á súa axenda e á súa remuneración.

Segunda.- Recomendar ás Entidades Locais o establecemento dos cauces efectivos para a participación veciñal nos asuntos da vida pública local no senso recollido na Lei.

Terceira.- Axudar e colaborar cos concellos na implantación das ordenanzas de transparencia e bo goberno para garantir o dereito de acceso dos cidadáns á información pública dos mesmos.

Cuarta.- Recomendar a posta a disposición da cidadanía de cartas de servizo nas que se informe dos servizos e subvencións que se prestan, dos compromisos na prestación, dos trámites básicos de cada procedemento administrativo municipal, así como dos dereitos da veciñanza en relación con eles.

Servizos

Quinta.- No senso dos acordos acadados na Comisión de Análise Local, reclamar o recoñecemento dun núcleo indispoñible na atribución de competencias ás Entidades Locais, suprimindo o concepto de competencias impropias, ao amparo da Carta Europea de Autonomía Local.

Sexta.- Reiterar da Xunta, en relación o Plan concertado de servizos sociais, a necesidade de mellorar os procedementos para axilizar a súa tramitación, recortando os prazos de abonamento das cantidades que anualmente lles corresponden aos entes locais.

Sétima.- Defender o patrimonio público e cultural, fomentando a colaboración entre as distintas administracións públicas en apoio de actuacións de actuacións de rehabilitación do patrimonio histórico, artístico e cultural.

Oitava.- Desde a Fegamp difundir e fomentar o cooperativismo e a economía social como vías para procurar unha ocupación laboral.

Novena.- Xestionar diante das administracións competentes e facilitar a posta en práctica de políticas de defensa do solo empresarial.

Décima.- Traballar nun novo modelo de tratamento e recollida do lixo ata acadar un sistema sostible, eficaz, respectuoso co medio ambiente, e asumible economicamente, que supere e mellore os actuais.

Décima primeira.- Recomendar a implantación de plans de fomento do consumo responsable e de produción sustentable así como da rehabilitación urbana como xeradora de emprego verde, fomentando ademais este na xestión do ciclo da auga, e impulsar nos concellos a introducción de cláusulas sociais, medioambientais e de igualdade de xénero nos procedementos de contratación.

Décima segunda.- Potenciar os servizos de normalización lingüística dos concellos, promovendo actuacións concretas que contemplan esta Normalización en todas as actividades da vida municipal e social, incluíndo a utilización da nosa lingua nas aplicacións informáticas e o publicado nas webs municipais.

Décimo terceira.- Recomendar poñer os medios necesarios para a protección do pequeno e mediano comercio, tanto pola súa faceta económica como polo seu papel fundamental na dinamización e conservación da actividade e a mellora da mobilidade.

Décimo cuarta.- Recomendar a implantación de plans integrais de inclusión social que aborden o fomento do acceso ao traballo, á formación e a unha vivenda digna e que contrarresten dificultades que por razón de orixe, sexo, etnia, cultura ou relixión poidan ter os colectivos marxinados.

Décimo quinta.- Recomendar aos concellos que consideren a discapacidade como vector transversal de atención preferente en todas as liñas de acción política, de acordo cos principios, valores e mandatos da

Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade que aprobaron as Nacións Unidas en 2006.

Décimo sexta.- Recomendar aos concellos unha especial atención ás persoas dependentes, non só polo dereito a unha adecuada calidade de vida deste importante sector da poboación senón tamén pola incidencia que ten nas dinámicas vitais, sociais e laborais das persoas que as teñen que coidar.

Décimo sétima.- Impulsar nas entidades locais a realización de tarefas de prevención das drogodependencias e outras adiccións, de xeito propio ou en colaboración con outras administracións e entidades do terceiro sector.

Décimo oitava.- Reclamar da Xunta de Galicia a asunción, de maneira urxente, da titularidade e da xestión integral de todos os centros de saúde e centro educativos que actualmente son de titularidade municipal e provincial, facendo unha revisión dos prazos establecidos legalmente, para a súa redución.

Décimo novena.- Entender as políticas de igualdade como políticas de xustiza social. Procurar a independencia económica das mulleres, en especial das que están en risco de violencia de xénero e prestarlles todo tipo de asistencia as mesmas, propiciando políticas que tendan a erradicar a desigualdade e a violencia contra as mulleres.

Vixésima.- Reclamar o recoñecemento por parte da Comunidade Autónoma do relevante papel institucional da Fegamp nas tarefas de protección e defensa dos consumidores, nomeadamente nos concellos menores de 5.000 habitantes, co consecuente apoio económico.

Vixésimo primeira.- Recomendar aos concellos a incorporación da cooperación, solidariedade e voluntariado nas axendas locais.

Vixésimo segunda.- O aproveitamento do hábitat ecolóxico é factor fundamental para o desenvolvemento de novas iniciativas emprendedoras xeradoras de renda, emprego e tecido empresarial. Neste mesmo senso, impulsar plans turísticos integrais comarcais, no marco do mapa dos Xeodestinos de Galicia, de cara a promover a creación e o mantemento de actividades económicas que posibiliten a xeración de riqueza, a creación de emprego e o desenvolvemento social dos municipios, elementos que requiren da intervención da iniciativa pública

Vixésimo terceira.- A protección dos ecosistemas naturais debe ser un elemento fundamental na xeración dun novo modelo de desenvolvemento local sustentable. Pero isto non se pode facer a costa dos habitantes das áreas de maior valor ecolóxico. Para iso é preciso reclamar da Xunta de Galicia o incremento de medios suficientes para asegurar a conservación dos ecosistemas naturais así como das medidas compensatorias axeitadas nos territorios onde existan figuras de protección aprobadas.

Vixésimo cuarta.- Reclamar á Xunta de Galicia que asuma as súas competencias e poña os medios precisos, coa colaboración dos concellos, para o control da praga da avésa asiática, que xa está a crear importantes danos nos sectores apícola, froiteiro e forestal, e mesmo está a xerar problemas de seguridade cidadá.

Vixésimo quinta.- Instar á Xunta de Galicia a que modifique o marco normativo e poña todos os medios técnicos e humanos precisos para desenvolver un sector de explotación forestal racional, competitivo e xerador de riqueza no medio rural. Este novo marco debe ter unha marcada compoñente estratéxica, e ten que incluír medidas que permitan controlar e asegurar que as actividades forestais non teñan incidencias negativas sobre a conservación dos ecosistemas naturais e sobre as infraestruturas municipais.

Modernización

Vixésimo sexta.- Seguir actuando como axente dinamizador na utilización das novas tecnoloxías e seguir implicándose en todo o relacionado coa sociedade da información, xa sexa como axente activo ou como colaborador doutros axentes.

Vixésimo sétima.- Dentro dos seus plans de formación a Fegamp realizará cursos, xornadas e foros TIC dirixidos tanto ao persoal municipal, como aos cargos electos. Así mesmo colaborará con outras administracións para realización de actuacións informativas e formativas sobre utilización das

novas tecnoloxías entre a veciñanza, mantendo e ampliando, na medida do posible os centros CeMIT dos concellos.

Vixésimo oitava.- Apoiar a coordinación e implantación de ferramentas conducentes a adopción plena por todos os concellos de Galicia da administración electrónica que os comunique con todos os galegos e galegas e o resto das administracións, facilitando a realización telemática de todos os procedementos administrativos. Apoiarase nomeadamente o proxecto da Xunta de Galicia denominado “Eido Local”.

Vixésimo novena.- Promover entre os concellos a utilización de software libre e de código aberto e a emisión de documentos en formatos libres, non propietarios. Así mesmo colaborarase coa Xunta en todos aqueles proxectos tendentes a súa implantación.

Trixésima.- Demandar das Administracións competentes, colaborando activamente con elas, o completo desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicación de todo tipo. O despregamento total da banda larga en todos os recunchos de Galicia sigue a ser un obxectivo.

Trixésimo primeira.- Demandar das administracións competentes a plena cobertura e adaptación a novos criterios de emisión da Televisión Dixital Terrestre. Promover a homoxeneización de todas as infraestruturas actuais que ademais precisan a adaptación aos continuos cambios no espectro.

Trixésimo segunda.- Recomendar a elaboración de plans integrais de tendido das instalacións de todo tipo cara a contar cunhas infraestruturas planificadas, separadas e ben cartografadas, aproveitando a instalación de novos canais para a habilitación dun espazo que permita novas canalizacións sen o levantamento de rúas e beirarrúas.